



Edicións Xerais de Galicia, S. A. Doutor Marañón, 12- 36211 Vigo Tlf: 986 214 888 - Fax: 986 201 366  
Enderezo Electrónico.: xerais@xerais.es - Web: <http://www.xerais.gal> - Blog Xerais: [blog.xerais.es](http://blog.xerais.es)

# Galicia Encantada

## O país das mil e unha fantasías

**Ed. De Antonio Reigosa**


XERAIS LIBROX (1379508)

240 páxinas

ISBN: 978-84-9914-780-2

P.V.P: 12,50 €

NOVIDADES XANEIRO 2015



### «GALICIA ENCANTADA. O PAÍS DAS MIL E UNHA FANTASÍAS» EDICIÓN DE ANTONIO REIGOSA

UN CENTO DE HISTORIAS QUE PERCORREN ESTE «PAÍS DAS MIL E UNHA FANTASÍAS» DE NORTE A SUR, DE LESTE A OESTE, DO MAR Á MONTAÑA, DA TERRA AO AIRE, DA AUGA AO LUME.

O proxecto "Galicia Encantada" naceu no seu día para navegar pola internet e, agora, dez anos despois, faise libro. Unha parte dos documentos atesourados na web durante este tempo, revisados e actualizados, transmútanse en papel impreso coa gozosa pretensión de compartir a marabilla dos mitos, lendas, ritos, contos e outros sucedidos, case sempre sorprendentes. Un cento de historias que percorren este «País das mil e unha fantasías» de norte a sur, de leste a oeste, do mar á montaña, da terra ao aire, da auga ao lume. Viaxes de ida e volta, desde o mundo real ao imaxinario e viceversa, guiados polo saber de máis de medio cento de coautores que exercen de cronistas da memoria dunha Galicia sabia e auténtica, irremediabilmente encantada.

**Antonio Reigosa** (Zozán, Mondoñedo 1958) é escritor, investigador e divulgador da nosa cultura popular. Traballa como guía no Museo Provincial de Lugo. Cofundador de Chaira, grupo de Investigación Etnográfica, ten participado en proxectos de investigación sobre literatura oral. Tamén é coautor, xunto con Xosé Miranda e Xoán Ramiro Cuba, do *Dicionario dos Seres Míticos Galegos* (Xerais 1998) e dos vinte volumes dos contos da colección Cabalo Buligán (Xerais 1998-2003) recollidos da tradición oral. Así mesmo é coautor dos volumes *Contos colorados. Narracións eróticas da tradición oral galega* (Xerais 2001), *Pequena mitoloxía de Galicia* (Xerais 2001), *Cando os animais falaban* (Xerais 2002), *Arrepíos e outros medos* (Xerais 2004) e *Antoloxía do conto galego de tradición oral* (2002). Xunto coa ilustradora Noemí López, publicou os álbums *Guía ilustrada da Galicia invisible* (2010) e *Trece noites, trece lúas. Libro das marabillas do Nadal* (2011). Como autor de literatura infantil publicou: *Memorias dun raposo* (Xerais 1998), novela, Premio Merlín; *Resalgario* (Xerais 2001), novela, Premio Raíña Lupa de literatura infantil 2000; "Aire de sumidoiro", conto incluído en *Contos para levar no peto* (Xerais 2001); *O galo avisado e o raposo trampulleiro* (Xerais 2003); *Bacoriño* (Xerais 2004) e *O aprendiz de home do saco* (Xerais 2013). En 2014 preparou a edición de *Galicia Encantada. O país das mil e unha fantasías*.